Consello Social
Universidade de Vigo

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS DO CONSELLO SOCIAL DO 11.09.2025

LUGAR: Sala II do edificio Miralles do Campus de Vigo
DATA: 11.09.2025

HORA DE COMEZO: 12:05 h.
HORA DE REMATE: 13:00 h.

LISTA DE ASISTENTES:

Pedrosa Silva, Ernesto (presidente)
Bravo Bosch, María José
Castro Mouzo, Mercedes
Cendón Alonso, María Teresa
López Fernández, Yolanda

NON ASISTIRON:

Blanco Gómez, César
Crespo Tobío, Silvia
Ortiz Álvarez, Ana María

SECRETARIO:

Rodríguez Iglesias, Ignacio

O xoves, día 11 de setembro de 2025, ás 12:05 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da Universidade de Vigo, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (29.04.2025).
2. Informe do presidente.
3. Aprobación, se procede, da delegación no presidente para a asignación definitiva das Bolsas-colaboración para o curso 2025/2026, debendo dar conta da resolución na primeira sesión plenaria que se convoque.
4. Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para a produción dun documental propio dentro da "Semana de Cine Submarino Universidade de Vigo".
5. Acordo que proceda sobre a petición de axuda económica para o encontro de investigadores formados no laboratorio de Bioquímica, na Facultade de Ciencias de Ourense, e conmemoración do 25 aniversario.
6. Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio para un encontro de alumnos con profesionais do Dereito Concursal, na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.
7. Acordo que proceda sobre a axuda solicitada polo Grupo Aletheia, para organizar en Vigo as XXIX Xornadas de Filosofía, coa temática "Entre a realidade e a virtualidade. Ética da innovación".
8. Acordo que proceda sobre a colaboración solicitada para a elaboración dun estudo/informe resumo do 50 aniversario da creación da Escola de Enxeñaría Industrial.
9. Acordo que proceda respecto da axuda económica pedida para o evento "VI Xornadas de Formación, Innovación e Emprego – ATIC 2025" da Asociación de Facultades con Titulacións de Información e Comunicación, en Pontevedra.
10. Acordo que proceda sobre a aportación solicitada para organizar a "I Conferencia Internacional de Investigación en Linguas" (CIIL25), e a presentación do Instituto de Investigación Lingua, da UVigo.
11. Acordo que corresponda sobre a solicitude presentada pola Cátedra UNESCO para organizar o "I Congreso Internacional Educación Transformadora: Ciencia, Comunicación e Sociedade".
12. Acordo que proceda sobre a colaboración económica solicitada para a organización do 4º Congreso Internacional DIGRAES25: "Estudos do xogo: encrucilladas e diálogos", na Facultade de Comunicación.
13. Acordo que proceda sobre a colaboración solicitada para organizar a XIV edición do Salón de Educación e Formación EDUGAL 2025, en Pontevedra.
14. Acordo que proceda sobre a solicitude de patrocinio para a organización dun taller para combater a desinformación sobre as tecnoloxías climáticas, a organizar no CSIC por investigadores da UVigo.
15. Acordo que proceda sobre a aportación solicitada para a organización do Congreso Internacional "Dereito, defensa e tutela das vítimas vulnerables".
16. Acordo que proceda sobre a petición de apoio a un proxecto para detectar e abordar un trastorno de aprendizaxe das Matemáticas (DISCALCULIA), mediante estudo piloto nos centros educativos de Pontevedra.
17. Aprobación, se procede, da participación do Consello Social na convocatoria "Ourense Rural", promovida pola UVigo e a Deputación para o curso 2025/2026.
18. Aprobación, se procede, dos prezos públicos aplicables a titulacións oficiais no curso 2025/2026, por servizos administrativos e académicos.
19. Rogos e preguntas.

Agradece o presidente a asistencia dos presentes para abordar "unha extensa orde do día" que reflicte a crecente actividade que desenvolve o Consello Social no apoio e promoción de actividades fóra da universidade.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (29.04.2025).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Reflexiona Ernesto Pedrosa sobre o criterio seguido en liñas xerais para a avaliación das solicitudes que se presentan e a distribución dos importes das axudas que se solicitan. Adianta que fará un breve resumo dos puntos que exporá de xeito seguido, invitando aos presentes a pedir a palabra e intervir cando crean oportuno.

PUNTO 3

Aprobación, se procede, da delegación no presidente para a asignación definitiva das Bolsas-colaboración para o curso 2025/2026, debendo dar conta da resolución na primeira sesión plenaria que se convoque.

Lémbrase que o pasado mes de xullo o Consello Social aprobou en pleno a asignación provisional das Bolsas-Colaboración do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes, ás universidades. Unha vez transcorran os prazos para a presentación de solicitudes e de selección dos beneficiarios deberase publicar a lista de adxudicatarios antes do 23 de setembro, abríndose entón un novo prazo de reclamacións para que o Consello Social resolva a asignación definitiva das bolsas. O listado final deberá ser remitido a Madrid antes do 24 de outubro. Proponse esta delegación por razóns operativas e por se fose preciso para conciliar os prazos da convocatoria do Ministerio co calendario de reunións do Consello Social.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 4

Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para a produción dun documental propio dentro da "Semana de Cine Submarino Universidade de Vigo".

Trátase dunha actividade plenamente consolidada (32 edicións), cun notable seguimento de público e un elevado compromiso co estudo e a preservación do mar, que complementa a docencia e investigación en Ciencias do Mar, Bioloxía, ECIMAT, CIM e Campus do Mar. Na programación prevé o estreo cada ano dun documental inédito de media hora, en galego, realizado por cineastas submarinos de Vigo e contorna, para coñecer a variedade e beleza dos hábitats mergullados na costa galega. O primeiro, cun custo de 10.000 €, estará dedicado ao bosque de grandes algas.

- ***Apróbase unha axuda de 4.000 €.***

PUNTO 5

Acordo que proceda sobre a petición de axuda económica para o encontro de investigadores formados no laboratorio de Bioquímica, na Facultade de Ciencias de Ourense, e conmemoración do 25 aniversario.

Este laboratorio ten sido un nodo de formación, investigación e transferencia que contribuíu a crear un ecosistema científico-social relevante en Galicia. Formou a centos de investigadores, egresados e profesionais. O acto de aniversario ten como obxectivo achegar as experiencias de destacados egresados, conectar coas compañías colaboradoras e un networking para abrir novas oportunidades.

- ***Apróbase unha axuda de 2.500 €.***

PUNTO 6

Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio para un encontro de alumnos con profesionais do Dereito Concursal, na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

Aberto a todos os interesados, está especialmente dirixido ao alumnado de Ciencias Xurídicas e do Traballo e de Ciencias Económicas e Empresariais, para compartir unha visión práctica e actualizada do proceso concursal, facilitar o contacto con expertos e profesionais, e visibilizar as posibles saídas laborais e a formación específica requirida.

- ***Apróbase unha axuda de 800 €.***

PUNTO 7

Acordo que proceda sobre a axuda solicitada polo Grupo Aletheia, para organizar en Vigo as XXIX Xornadas de Filosofía, coa temática "Entre a realidade e a virtualidade. Ética da innovación".

Dende 1984, destacadas personalidades do pensamento, a investigación e a cultura teñen deixado as súas reflexións nestas Xornadas que convoca o Grupo Aletheia, baixo a presidencia de Avelino Muleiro. Este ano levan por título "Entre a realidade e a virtualidade: ética da innovación", e avalían os efectos das tecnoloxías nas nosas vidas. Os asistentes subliñan a calidade das xornadas e reclaman o maior apoio posible. Explica o presidente que se proporá a mesma cantidade da anterior edición.

- ***Apróbase unha axuda de 2.000 €.***

PUNTO 8

Acordo que proceda sobre a colaboración solicitada para a elaboración dun estudo/informe resumo do 50 aniversario da creación da Escola de Enxeñaría Industrial.

Para conmemorar a efeméride (1976-2026), no curso académico 2026-2027, a actual dirección ven de encargar un estudo-informe que reflicta o nacemento e a evolución da Escola da primeira titulación superior que se impartiu integramente no Campus de Vigo. A supervisión será asumida por Luis Espada, o primeiro docente en inaugurar o curso (20.10.1976). O presidente reflexiona sobre a limitación de recursos do Consello Social e o esforzo que representa achegarse o máis posible ás peticións de elevada contía.

- ***Apróbase unha aportación de 3.000 €.***

PUNTO 9

Acordo que proceda respecto da axuda económica pedida para o evento "VI Xornadas de Formación, Innovación e Emprego – ATIC 2025" da Asociación de Facultades con Titulacións de Información e Comunicación, en Pontevedra.

Decanos e decanas das 47 facultades españolas con estudos de Comunicación reuniranse en Pontevedra nun espazo de encontro entre o ámbito universitario e o profesional. A temática central será "A era dixital-audiovisual. Formación universitaria para a creación de contidos", para poñer o foco na necesidade de adaptar a formación universitaria ás novas realidades laborais e ás novas demandas da industria audiovisual e dixital, aos novos retos dos contidos e ao cambio dos perfís profesionais.

- ***Apróbase unha axuda de 1.200 €.***

PUNTO 10

Acordo que proceda sobre a aportación solicitada para organizar a "I Conferencia Internacional de Investigación en Linguas" (CIIL25), e a presentación do Instituto de Investigación Lingua, da UVigo.

O recen creado Instituto de Investigación Lingua da UVigo, organiza na Facultade de Filoloxía e Tradución este evento, aberto ao público e a grupos sociais interesados. Dedicará unha presencia significativa da investigación sobre lingua galega.

- ***Apróbase unha aportación de 1.500 €.***

PUNTO 11

Acordo que corresponda sobre a solicitude presentada pola Cátedra UNESCO para organizar o "I Congreso Internacional Educación Transformadora: Ciencia, Comunicación e Sociedade".

O congreso ten como obxectivo fortalecer a cooperación internacional entre investigadores, alumnado e organizacións comprometidas coa educación transformadora. De xeito presencial e online, ten como áreas temáticas a convivencia, democracia e resolución de conflitos; a equidade e non discriminación; a sustentabilidade social e ambiental; o patrimonio tanxible e intanxible; e o benestar e a saúde.

- ***Apróbase unha asignación de 3.000 €.***

PUNTO 12

Acordo que proceda sobre a colaboración económica solicitada para a organización do 4º Congreso Internacional DIGRAES25: "Estudos do xogo: encrucilladas e diálogos", na Facultade de Comunicación.

Investigadores, especialistas e doutorandos reflexionarán sobre as interaccións que configuran o campo dos estudos de xogo na actualidade. Compartirán os seus avances e fomentarán o debate crítico sobre os retos e oportunidades neste ámbito. Será presencial e online. Os paneis de expertos serán retransmitidos en directos a través do streaming da UVigo.

- ***Apróbase unha axuda de 1.200 €.***

PUNTO 13

Acordo que proceda sobre a colaboración solicitada para organizar a XIV edición do Salón de Educación e Formación EDUGAL 2025, en Pontevedra.

O presidente destaca a relevancia e singularidade do salón. EDUGAL cumpre 14 anos agrupando a maior oferta das opcións educativas que se poden escoller en Galicia. Serve para conectar ao alumnado cos profesionais do ensino, os centros de formación e as institución educativas, e da resposta aos interesados en buscar opcións educativas ou profesionais, mesmo no eido militar, no estranxeiro ou nas novas tecnoloxías. Celebrarase no palacio de congresos de Pontevedra.

- ***Apróbase unha axuda de 2.500 €.***

PUNTO 14

Acordo que proceda sobre a solicitude de patrocinio para a organización dun taller para combater a desinformación sobre as tecnoloxías climáticas, a organizar no CSIC por investigadores da UVigo.

A actividade desenvolverase no CSIC de Madrid, para contar con autoridades internacionais na materia e facilitar a presenza de axentes políticos e sociais do máis alto nivel. Ernesto Pedrosa cita aos profesores Juan Antonio Añel e Xavier Labandeira, que están á fronte da iniciativa, como máxima garantía do alto nivel do encontro e da valiosa proxección que outorga á UVigo.

- ***Apróbase unha aportación de 3.000 €.***

PUNTO 15

Acordo que proceda sobre a aportación solicitada para a organización do Congreso Internacional "Dereito, defensa e tutela das vítimas vulnerables".

Ten como obxectivo estudar as liñas definidoras e a ampla problemática que afecta á temática das desigualdades entre homes e mulleres, e establecer o itinerario necesario para cumprir coas expectativas esixidas á xustiza. Farase en formato presencial e online nos Campus de Ourense e Vigo.

- ***Apróbase unha asignación de 1.500 €.***

PUNTO 16

Acordo que proceda sobre a petición de apoio a un proxecto para detectar e abordar un trastorno de aprendizaxe das Matemáticas (DISCALCULIA), mediante estudo piloto nos centros educativos de Pontevedra.

Os asistentes expresan distintas opinións coincidentes no interese da iniciativa, e por extensión nas afeccións que se están a estender entre a poboación nova, moitas descoñecidas como a que se trata neste punto. Á vista da atención xerada, informa o secretario que profesores da UVigo promoven este proxecto novidoso en Galicia para detectar e tratar un trastorno de aprendizaxe das matemáticas, a discalculia, que está detrás de moitos fracasos escolares. Permitirá deseñar un protocolo de detección, intervención e unha guía con estratexias dirixidas a docentes e familias. En Galicia hai aproximadamente 7.200 estudantes con discalculia.

- ***Apróbase unha axuda de 2.500 €.***

PUNTO 17

Aprobación, se procede, da participación do Consello Social na convocatoria "Ourense Rural", promovida pola UVigo e a Deputación para o curso 2025/2026.

O Consello Social contribúe -en colaboración coa Vicerreitoría do Campus de Ourense e a Deputación Provincial- a facilitar o desprazamento do alumnado con residencia no rural da provincia ou en concellos da contorna do Campus ourensán. Atendendo a criterios de distancia, renda e nota, as axudas por curso poden chegar ata mil euros.

- ***Apróbase unha aportación máxima de 6.000 €.***

PUNTO 18

Aprobación, se procede, dos prezos públicos aplicables a titulacións oficiais no curso 2025/2026, por servizos administrativos e académicos.

Aclara o presidente que este punto refírese ás contías e prazos para o pagamento da matrícula: por documentación e soporte de matrícula por internet, por servizos administrativos e seguro escolar. No caso do alumnado visitante, os prezos por matrícula en Grao e Máster, en programas de Doutoramento e por expedición da certificación académica. En canto ás Probas de acceso ao Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte: o importe para as probas de aptitude e as exencións e bonificacións aplicables.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 19

Rogos e preguntas.

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:00 horas do 11 de setembro, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente,
Ernesto Pedrosa Silva
(Asinado na data da sinatura dixital)

ERNESTO PEDROSA SILVA
Firmado digitalmente por ERNESTO PEDROSA SILVA
Fecha: 2026.02.19 19:59:32 +01'00'

O secretario,
Ignacio Rodríguez Iglesias
(Asinado na data da sinatura dixital)

RODRIGUEZ IGLESIAS IGNACIO - 34908420D
Firmado digitalmente por RODRIGUEZ IGLESIAS IGNACIO - 34908420D
Fecha: 2026.02.19 21:04:35 +01'00'